

CURSO 2020-2021.

DEPARTAMENTO DE LINGUA
E LITERATURA GALEGA

COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA
CURSO 2020-2021

Xefatura Departamento: Isabel Castaño Vicente

Dinamización: Luís Bugarín Pereira.

Titores/as:

Fernando Cid Deus

Esther Álvarez Fernández

Elisabete Ares Licer (sen titoría)

Profesor de latín con 4 horas de galego en 1º ESO: Laureano Alonso Álvarez

INDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN	5
1. Contorna socioeconómica.	5
2. Situación sociolingüística do centro.....	6
Lingua inicial:.....	6
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.	8
2.1. ESO:	8
2.1.1. Táboa do perfil competencial da área na ESO:	8
2.1.2 Avaliación por competencias	8
2.2. BACHARELATO	14
2.2.1. Táboa do perfil competencial da área no Bacharelato:	14
2.3. Grao de adquisición das competencias clave:	15
3. OBXECTIVOS DE ETAPA	15
ESO	15
Bacharelato	16
4. CONCRECIÓN POR CURSO DA TEMPORALIZACIÓN, DOS OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS E GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMO	17
1º ESO	18
1ª AVALIACIÓN	18
2ª AVALIACIÓN	28
3ª AVALIACIÓN	40
2º ESO	52
1ª AVALIACIÓN	52
<i>REFORZO DO CURSO ANTERIOR</i>	65
2ª AVALIACIÓN	67
3ª AVALIACIÓN	80
3º ESO	93
1ª AVALIACIÓN	93
<i>REFORZO DO CURSO ANTERIOR</i>	106
2ª AVALIACIÓN	109
3ª AVALIACIÓN	122
4º ESO	135
1ª AVALIACIÓN	135
<i>REFORZO DO CURSO ANTERIOR</i>	151
2ª AVALIACIÓN	154
3ª AVALIACIÓN	170

1º BACHARELATO	186
1ª AVALIACIÓN	186
REFORZO DO CURSO ANTERIOR.....	199
2ª AVALIACIÓN	203
3ª AVALIACIÓN	217
2º BACHARELATO	231
1ª AVALIACIÓN	231
REFORZO DO CURSO ANTERIOR.....	242
2ª AVALIACIÓN	247
3ª AVALIACIÓN	259
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA	271
1. Didáctica de aspectos disciplinares concretos. Concreción didáctica para a materia de Lingua galega e Literatura	271
2. Estratexias metodolóxicas. Orientacións.....	272
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	274
1. Material de apoio.....	274
2. As TIC.....	274
1. Dicionarios	274
2. Onomástica	274
3. Sociolingüística	274
4. Lingua	274
5. Léxico	275
6. Literatura	275
7. Cultura e historia	275
8. Cómic	275
9. Música	275
10. Medios de comunicación	275
11. Ciencia e tecnoloxía	275
3. Libros de Lectura.....	276
1º ESO	276
2º ESO	277
3º ESO	278
4º ESO	279
1º de BACHARELATO	281
2º de BACHARELATO	281
7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	283
1. Para todos os cursos da ESO	283
2. Criterios de cualificación en 1º e 2º de bacharelato.....	283

8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	286
1. Aspectos a avaliar	286
2. Instrumentos de avaliación	287
9. AVALIACIÓN INICIAL.....	288
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	289
11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	291
1. Aspectos a tratar	291
2. Proposta de actividades:.....	292
12. CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO CON LINGUA E LITERATURA PENDENTES. PLANS DE TRABAJO.	293
1. Obxectivos.....	293
2. Orientación didáctica	293
3. Criterios de avaliación.....	293
13. PLAN LECTOR	294
1. O Plan lector do Centro	294
2. A biblioteca escolar	294
14. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	295
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	295
16. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	296
17. REPARTO DOS CURSOS	299

1. CONTEXTUALIZACIÓN

A **contextualización** permite concretar a programación para que se achegue o máis posible á realidade das aulas. Esta concreción vai proporcionar recursos para facer unha programación máis persoal, partindo neste caso do contexto socioeconómico da comarca do Baixo Miño, á que pertence case todo o alumnado do centro, procedente basicamente do concello de Tui.

Canto ás **características xerais do centro**, no mesmo impártense ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, concretamente as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, e Humanidades e Ciencias Sociais. No instituto hai unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, creada na Orde do 7 de agosto de 2007. Ademais, durante o presente curso escolar o centro participará nos seguintes programas institucionais: Plan de mellora das bibliotecas escolares, Sección Bilingües, Auxiliar de conversa, Programa Edixgal (para o alumnado de 1º e 2º da ESO) e STEM BAC (Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía). Por último, cómpre sinalar que no momento de realizar esta programación o centro contaba xa para este curso 2020-2021 con máis de 620 alumnos matriculados

Contorna socioeconómica e situación sociolingüística do centro.

1. Contorna socioeconómica.

O IES San Paio é un centro de ensino público dependente da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, situado na localidade de Tui. A maioría do alumnado procede do propio concello de Tui, sendo o alumnado tanto do casco urbano como das zonas rurais próximas; ademais obsérvase unha certa presenza no bacharelato de alumnado procedente do concello de Salceda de Caselas.

O concello de Tui, cunha superficie de 68'3 quilómetros cadrados, é un municipio ubicado na raia con Portugal que conforma con Valença unha Eurocidade desde 2012 e que pertence á bisbarra do Baixo Miño. A poboación do Concello de Tui é de 16.701 habitantes (segundo datos do 2019) e está dividida entre o núcleo urbano e o rural. Ademais do casco urbano, once (11) son as parroquias que conforman o concello tudense: Areas, Baldráns, Caldelas, Guillarei, Malvas, Paramos, Pazos de Reis, Pexegueiro, Randufe, Rebordáns e Ribadelouro. Considerando o conxunto da área de influencia do centro temos que lembrar, como xa indicamos antes, a presenza de

alumnado doutros concellos , sobre todo do de Salceda de Caselas.

Na actualidade o concello de Tui conta cunha economía diversificada, posto que aínda que o principal é o sector servizos(funcións administrativas no concello, nos xulgados, centro de saúde...) foi abrindo portas progresivamente nas últimas décadas a un sector industrial grazas á creación do Polígono de Areas. Cómpre salientar tamén que Tui posúe un importante conxunto histórico en torno á Catedral que é obxecto de moitas visitas, particularmente de peregrinos pois Tui sitúase no Camiño Portugués. Ademais do Patrimonio arquitectónico e histórico, Tui conta cun Parque Natural, o monte Aloia, que recibe moitas visitas, e o río Miño. En todos estes lugares téñense celebrado actividades de grande interese cultural e turístico.

2. Situación sociolingüística do centro.

A seguir analizamos o **perfil sociolingüístico do alumnado**, de interese para o desenvolvemento da programación de Lingua galega e Literatura. A este respecto cómpre sinalar que arredor dun 40% do alumnado de ESO e Bacharelato procede do medio rural, maioritariamente galegofalante; mentres que o 60% restante procede especialmente da vila de Tui, estando este máis castelanizado.

A actualización dos datos referidos á situación sociolingüística do centro concreouse no **Mapa Sociolingüístico do Centro (MSC-2014)**, elaborado polo ENDLG, o Departamento de Galego e a Biblioteca no que recolleemos un estudo sobre a lingua inicial e a lingua habitual (usos lingüísticos) do alumnado.

Dito estudo móstranos que a maior parte do alumnado maniféstase bilingüe inicial e habitual, perpetuando desta maneira o mito falaz do bilingüismo harmónico, cordial ou equitativo, cunha maior porcentaxe de máis galego; situación esta inviábel ante a necesidade do mantemento da diversidade lingüística. Sen dúbida ningunha, como situación de tránsito cara ao monolingüismo na lingua maiorizada, neste caso o castelán. Por tanto, o coñecemento da situación real débenos servir como marco de referencia á hora de realizar o proxecto de normalización.

Neste aspecto, hai que ter presente a zona de emprazamento do instituto, a comarca do Baixo Miño, zona neste caso do interior de Galicia integrada na Área Pontevedresa do Bloque Occidental e cun alumnado rural e urbano-vilego, case ao 50%.

Lingua inicial:

A maioría do alumnado manifesta ter como lingua inicial máis galego ou só galego,

máis do 63%; fronte ao 33% que tiña máis castelán ou só castelán. Ora ben, se comparamos os datos do gráfico 1 cos comparativos do **gráfico 2**, vemos que estas porcentaxes reducen a presenza de só galego como lingua inicial nun 16%, incrementando, iso si, a porcentaxe de máis galego no actual estudo, nun 21%. Tamén é de salientar o descenso na porcentaxe de só castelán en 12 puntos o que nos pode facer pensar nunha certa regaleguización, aspecto este reforzado coas porcentaxes de usos na familia e cos amigos, mais que non se corresponde co desexábel monolingüismo social na lingua propia de Galiza, o que nos leva á aceptación por parte do alumnado (mocidade) do falaz bilingüismo harmónico, cordial ou equilibrado proposto pola administración galega. Son así e todo datos dos pasados anos pois recentemente observamos un descenso na porcentaxe de alumnado que ten o galego como lingua inicial e un aumento pola contra do castelán como tal.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

2.1. ESO:

2.1.1. Táboa do perfil competencial da área na ESO:

COMPETENCIAS	1º ESO		2º ESO		3º ESO		4º ESO		Estándares totais: 450
	Estándares totais: 98	%	Estándares totais: 109	%	Estándares totais: 112	%	Estándares totais: 131	%	
	Número de estándares nos que se traballa cada competencia		Número de estándares nos que se traballa cada competencia		Número de estándares nos que se traballa cada competencia		Número de estándares nos que se traballa cada competencia		Total número de estándares nos que se traballa cada competencia
CCL	91	52,00	103	52,82	107	50,71	130	55,32	431
CMCCT	2	1,15	2	1,02	4	1,90	4	1,70	12
CD	16	9,15	16	8,21	17	8,06	17	7,23	66
CAA	31	17,72	30	15,38	35	16,59	28	11,91	124
CSC	20	11,43	30	15,38	36	17,06	40	17,02	126
CSIEE	6	3,43	6	3,08	4	1,89	5	2,13	21
CCEC	9	5,15	8	4,10	8	3,79	11	4,68	36

2.1.2 Avaliación por competencias

2.1.2.1 Avaliación da competencia lingüística (CCL).

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
EXPRESIÓN ORAL	Expresa oralmente ideas con orde e coherencia		Expresa oralmente ideas con orde, coherencia e cohesión	Expresa oralmente ideas con orde, coherencia, cohesión e fluidez
EXPRESIÓN ESCRITA	Compón textos de diferentes tipoloxías, a partir de textos modelo, con orde e coherencia interna		Constrúe textos complexos de diferentes tipoloxías, a partir de textos modelo, con orde e coherencia interna	Constrúe textos complexos utilizando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados con cohesión
COMPRESIÓN ORAL	Selecciona e comprende de forma guiada información relevante e mensaxes orais		Selecciona e comprende información relevante e mensaxes orais e é quen de tomar notas e apuntamentos seguindo unha explicación oral	

COMPRESIÓN ESCRITA	Selecciona e comprende de forma guiada información relevante en textos de diferente tipoloxía, identificando a idea principal e as ideas secundarias ou elementos e datos máis específicos	Selecciona e comprende de forma guiada información relevante en textos de diferente tipoloxía, identificando a idea principal e as ideas secundarias ou elementos e datos máis específicos, relacionando todo isto entre si	
AMPLITUDE E USO EFICAZ DO VOCABULARIO	Aprende de xeito gradual e emprega correctamente e cada vez con máis precisión palabras propias da lingua formal e o vocabulario específico máis frecuente nos seus campos de estudo		
	Fai un uso eficaz do dicionario para coñecer significados e usos de palabras e frases		
	Emprega estratexias axeitadas para deducir significados de termos descoñecidos a partir do contexto		
ORTOGRAFÍA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	Non comete erros ortográficos en termos de uso común	Non comete erros ortográficos, agás de maneira illada	Non comete erros ortográficos, agás de maneira illada e en termos de uso pouco frecuente
	Non comete erros morfosintácticos básicos (tempos verbais, concordancia de xénero e número)	Non comete erros morfosintácticos	Non comete erros morfosintácticos
CAPACIDADE DE SÍNTESE	Elabora resumes e esquemas sinxelos reflectindo as ideas principais e as secundarias	Elabora textos críticos e argumentativos que resuman situacións ou textos consultados (comentarios, películas etc)	

2.1.2.2. Avaliación da competencia dixital (CD).

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
BUSCAR INFORMACIÓN	Busca información e selecciona a que considera importante para o seu traballo, utilizando ferramentas de busca como google, coa guía do profesorado		Busca información, utilizando ferramentas de busca, avalía a mesma, define os aspectos clave e organiza a información, de xeito cada vez máis autónomo	
COMUNICACIÓN DA INFORMACIÓN	Comparte a información cos seus compañeiros/as e o profesorado mediante o correo electrónico			
CREACIÓN DE CONTIDOS	Crea e edita textos, imaxes, vídeos e audios, utilizando ferramentas básicas, coa axuda do profesorado		Crea e edita textos, imaxes, vídeos e audios, utilizando ferramentas complexas, de xeito cada vez máis autónomo	
SEGURIDADE	Aplica de forma parcial a información sobre medidas de seguridade e o uso responsable e seguro da información na rede		Aplica de forma total a información sobre medidas de seguridade e o uso responsable e seguro da información na rede	
	Coñece os perigos que presenta Internet e actúa en consecuencia: respecta a idade mínima de participación nas redes sociais, fai un uso responsable de imaxes e vídeos etc		Coñece, valora e analiza criticamente as situacións reais baseadas en usos e abusos da rede, rexistrando e denunciando as vulneracións que se poidan producir nela	
	Coñece e respecta a normativa sobre dereitos de autor e os diferentes tipos de licenzas cando usa materiais educativos		Aplica o marco legal en relación cos dereitos de autor na utilización dos medios dixitais e utiliza licenzas en aberto	

2.1.2.3. Avaliación da competencia aprender a aprender (CAA)

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
ORGANIZACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN	Retén información relevante e extrae informacións concretas		Retén información relevante e extrae informacións concretas, sendo capaz de utilizalas en producións propias	
	Interpreta, explica e deduce información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficos, fotografías etc		Elabora a súa propia interpretación sobre o significado de calquera tipo de información	
	Utiliza de forma guiada as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de obtención de información		Utiliza de forma autónoma as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de obtención de información	
	Presenta as súas producións de xeito claro, organizado e ben configuradas			
AUTOAVALIACIÓN DAS PRODUCCIÓNS	Recoñece os erros a partir da práctica habitual da autoavaliación e propón solucións para melloralos		ADQUIRIDA	
	Emprega de xeito autónomo instrumentos de autoavaliación individual, sendo capaz de avaliar as súas producións			
COAVALIACIÓN DAS PRODUCCIÓNS	Participa en procesos de coavaliación, sendo capaz de reflectir unha cualificación de xeito individual		Participa en procesos de coavaliación, sendo capaz de reflectir unha cualificación de xeito consensual	

2.1.2.4. Avaliación das competencias sociais e cívicas (CSC)

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
COÑECEMENTO E RESPECTO DAS NORMAS SOCIAIS	Coñece e respecta as normas sociais de convivencia e comportamento en diferentes situación da vida cotiá. Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado e as NOF do centro. Participa coa axuda do profesorado, titor/a e xefatura de estudos na elaboración das normas de convivencia da aula e as súas consecuencias e sancións no caso de incumprimento.	-Coñece e respecta as normas sociais de convivencia e comportamento en diferentes situación da vida cotiá - Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado e as NOF do centro. -Participa coa axuda do profesorado, titor/a e xefatura de estudos na elaboración das normas de convivencia da aula e as súas consecuencias e sancións no caso de incumprimento, de xeito cada vez mais autónomo	Participa activamente en actividades e debates sobre diferentes temas que afectan á cidadanía	Participa activamente en actividades e debates sobre diferentes temas que afectan á cidadanía xestionando de xeito autónomo o seu funcionamento interno

IMPLICACION NA MELLORA DA SOCIEDADE	Participa na realización de proxectos para a mellora e dinamización do centro. Participa na realización de actividades que fomenten a convivencia escolar, a igualdade (especialmente a igualdade de xénero), a tolerancia e a solidariedade, coa axuda do titor/a e do profesorado.	-Participa na realización de proxectos para a mellora e dinamización do centro. -Participa na realización de actividades que fomenten a convivencia escolar, a igualdade (especialmente a igualdade de xénero), a tolerancia e a solidariedade, de xeito cada vez mais autónomo	Implicase activamente na realización de proxectos de aprendizaxe dirixidos a membros da comunidade educativa. Interpreta fenómenos e problemas sociais para elaborar respostas e resolver conflitos.	Implicase activamente e de xeito autónomo na realización de proxectos de aprendizaxe dirixidos a membros da comunidade educativa e con impacto no contexto no que se sitúa o centro. Interpreta fenómenos e problemas sociais para elaborar respostas e resolver conflitos.
TRABALLO EN GRUPO (ROLES, COMPORTAMENTO..)	Traballa cooperativamente en grupo con compañeiros aceptando e respectando as normas sociais básicas de convivencia, baseadas no respecto mutuo e as convicións democráticas.	Traballa cooperativamente en grupo con compañeiros aceptando e respectando as normas sociais básicas de convivencia, baseadas no respecto mutuo e as convicións democráticas, de xeito cada vez mais autónomo.	Participa adecuadamente en situacións que impliquen aprendizaxe cooperativo.	Participa adecuadamente en situacións que impliquen aprendizaxe cooperativo, xestionando de xeito autónomo o seu funcionamento interno.
EDUCACIÓN PARA...	Prevenición da violencia de xénero Uso das novas tecnoloxías Habilidades sociais (Plan de acción titorial) Hábitos de vida saudables: Sexual Viaria			

2.1.2.5. Avaliación da competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE)

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
TRABALLO AUTÓNOMO E INICIATIVA PERSOAL	Planifica e organiza a información nos seus traballos escritos ou orais		Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos	
	Executa as accións planificadas nos seus proxectos		Executa as accións planificadas nos seus proxectos e realiza axustes cando son necesarios	
	Realiza propostas creativas ocasionalmente		Móstrase, ás veces, creativo nas súas propostas e innovador nas súas producións	Móstrase creativo nas súas propostas e innovador nas súas producións
	Avalía as accións planificadas nos seus proxectos e é capaz de aplicar o aprendido noutras situacións persoais da súa vida		Avalía as accións planificadas nos seus proxectos, sabe aplicar o aprendido a outras situacións persoais da súa vida e realiza propostas de mellora	
BUSCA DE INFORMACIÓN	Avalía as accións planificadas nos seus proxectos, sabe aplicar o aprendido a outras situacións persoais da súa vida e realiza propostas de mellora		Selecciona e utiliza de maneira autónoma fontes de información, de acordo con criterios de obxectividade e fiabilidade	Xera bases de datos propias, filtrando os contidos a través de ferramentas traballadas
ORGANIZACIÓN DO TEMPO E DAS TAREFAS	Organiza e planifica os tempos de traballo persoal (unha semana)	Organiza e planifica os tempos de traballo persoal (dúas semanas)	Organiza e planifica proxectos individuais a longo prazo (un mes)	Organiza e planifica Proxectos individuais e grupais a longo prazo (un trimestre)
	Organiza algúns recursos e tarefas que comportan un traballo persoal en situacións cotiás		Organiza recursos e tarefas que comportan un traballo persoal en situacións cotiás	Organiza recursos e tarefas que comportan un traballo persoal

2.1.2.6. Avaliación da competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
EXPRESIÓN ARTÍSTICA	Expresa ideas e contidos artísticos a través dos distintos medios creativos dos que dispón (artes plásticas, música, artes escénicas...)		Realiza creacións artísticas como forma de expresión sentimental e/ou emocional	Realiza creacións artísticas como forma de expresión estética
COMPRESIÓN AUDITIVA	Recoñece e xustifica de forma guiada diversos estilos e manifestacións musicais a un nivel básico		Recoñece e xustifica de maneira precisa as diferentes correntes clásicas da Historia da Música	Comprende e xustifica de maneira precisa as diferentes correntes musicais (populares e cultas) do século XX
COMPRESIÓN VISUAL	Recoñece distintas tradicións básicas da Historia da Arte correspondentes ao campo das artes plásticas		Recoñece todo tipo de estéticas plásticas ao longo da historia	Recoñece diferentes estéticas plásticas, e é quen de comprender as influencias e motivacións que as xeran
COMPRESIÓN AUDIOVISUAL	Comprende mensaxes e experiencias básicas correspondentes a un traballo audiovisual (cine, teatro...)		Comprende e recoñece diferentes lecturas a partir da expresión de mensaxes audiovisuais	Comprende e recoñece distintas mensaxes audiovisuais para un uso en contextos variables (vital, académico, social...)
HÁBITOS DE IMPLICACIÓN CULTURAL	Identifica e analiza con espírito crítico diferentes manifestacións culturais, amosando respecto pola diversidade cultural actual		Participa e colabora na organización de todo tipo de eventos e actividades artísticas e/ou culturais	Demostra unha participación activa en todo tipo de actividades artísticas e/ou culturais en todos os ámbitos da vida, promovendo así a protección da cultura
HÁBITOS DE CONSUMO CULTURAI	Manifesta unha actitude aberta cara novas propostas culturais e artísticas, xa sexan propostas polo profesorado ou por outras persoas		Amplía os gustos propios cara novas manifestacións artísticas e/ou culturais, sendo capaz de recoñecer as obras icónicas dos distintos campos	Presenta un nivel de coñecemento da complexa trama cultural e intercultural, contando coa capacidade de seleccionar as propostas que mellor se vinculan cos gustos persoais

2.1.2.7. Avaliación da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
IDENTIFICACIÓN E COMPRENSIÓN	Recoñece gradualmente termos, conceptos, elementos... matemáticos en contextos propios doutras materias			
	Comprende e explica, utilizando ferramentas matemáticas propias do seu nivel, conceptos como a medida do tempo, a capacidade, os versos, as estrofas, as sílabas etc			
	Interpreta mapas, gráficos, táboas, diagramas etc, que representen temas tratados en distintas materias			
APLICACIÓN E ANÁLISE	Utiliza a unidade de medida máis axeitada ao contexto para expresar magnitudes			
	Utiliza o método científico para realizar traballos de investigación en todas as materias			
	Organiza a información que aparece nun texto seguindo un esquema lóxico			
	Organiza a información utilizando táboas, gráficos, diagramas ou esquemas		Organiza a información utilizando táboas, gráficos, diagramas ou esquemas e elixe o máis adecuado en cada caso	
RAZOAMENTO E SÍNTESE	Recoñece patróns e regularidades nunha secuencia de sucesos ou acontecementos que lle permita facer predicións		Utiliza ferramentas matemáticas para emitir xuízos, argumentar, opinar, sintetizar e valorar sobre distintos temas	

2.2. BACHARELATO

2.2.1. Táboa do perfil competencial da área no Bacharelato:

COMPETENCIAS	1º Bacharelato		2º Bacharelato		Estándares totais: 207
	Estándares totais: 98	%	Estándares totais: 109	%	
	Número de estándares nos que se traballa cada competencia		Número de estándares nos que se traballa cada competencia		Total número de estándares nos que se traballa cada competencia
CCL	99	54,10	103	52,55	202
CMCCT	2	1,09	3	1,53	5
CD	7	3,83	16	8,16	23
CAA	29	15,85	30	15,31	59
CSC	33	18,03	30	15,31	63
CSIEE	9	4,92	6	3,06	15
CCEC	4	2,19	8	4,08	12

2.3. Grao de adquisición das competencias clave:

INSUFICIENTE

SUFICIENTE

BEN

NOTABLE

SOBRESALIENTE

3. OBXECTIVOS DE ETAPA

ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora e respectar a súa diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Bacharelato

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto

cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. CONCRECIÓN POR CURSO DA TEMPORALIZACIÓN, DOS OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS E GRAO DE CONSECUCIÓN MÍNIMO

1º ESO

1ª AVALIACIÓN

OBX.	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDAR
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR					
d e h i ñ	B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).	CCL CAA	Comprende e interpreta aceptablemente a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).
d e h	B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).	B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	CCL CAA	Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, algúns datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.
a c d h	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CCL CSC	Coñece e aprecia a maioría das normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e rexeita a linguaxe discriminatoria).
			LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	CCL CAA CSC CSIEE	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas...) e ás veces o significado da linguaxe non verbal.
h o	B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan	B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.	CCL CAA	Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece algúns erros de produción oral propia e allea.

	asociar a ela.		LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	CAA	Comprende algúns dos prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega e rexéitao.
			LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CCEC	Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
b e g h	B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC	Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
			LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL	Participa malia non ser con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome persoal átono, así como a fonética galega.
			LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	CCL	Emprega nas intervencións orais espontáneas algunhas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).
			LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico minimamente rico e variado.
a b c g h o	B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.	B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	CAA	Elabora guións simples para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
			LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade	CCL CSC CSIEE	Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade
			LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.	CCL CSC	Adecúa normalmente a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.
			LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.	CCL CAA	Incorpora con frecuencia e progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.

			LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CAA	Analiza algunhas das similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
			LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	CAA CCL	Recoñece e avalía algúns erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
a d h i ñ	B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	CCL CSC CSIEE CCEC	Participa a miúdo en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
			LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	CSC CSIEE	Desenvólvese aceptablemente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR					
b f h	B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias	B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.	CCL CCA	Utiliza algunhas das técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.
			LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.	CCL	Recoñece con frecuencia a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.
			LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.	CCL	Reconstrúe o sentido global, mais non é quen de esquematizar.
			LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.	CCL CCA	Procura o léxico descoñecido en dicionarios, e deduce o significado polo contexto.
			LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).	CCL	Interpreta o significado dalgúns elementos non lingüísticos (símbolos, iconas etc.).
			LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.	CCL CCA CD	Busca información para completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.
			LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	CCL CCA	Contrasta algúns dos contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.

d e h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.	B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.	LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	CCL CSC	Comprende, interpreta e sintetiza aceptablemente o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
b e h	B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	CCL CAA CD	Usa ás veces de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
c d h	B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	CCL CSC	Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona algo sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
			LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	CCL CSC	Identifica ás veces e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.
h ñ	B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.	B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.	CCL	Le en voz alta con dicción e entoación adecuados e con respecto pola puntuación do texto, mais o ritmo non é o idóneo.
			LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.	CCL	Le en voz alta seguindo algúns dos patróns fonéticos do galego.
			LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	CCL CD	Utiliza algúns recursos das TIC para rexistrar a voz.
b e h	B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.	CCL	Utiliza algúns esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.
			LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.	CCL	Adecúa aceptablemente o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.
			LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.	CCL	Utiliza algúns elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e minimamente dentro do sintagma verbal.

			LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).	CCL	Puntúa aceptablemente o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos).
			LGB2.8.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).	CCL CD	Revisa con frecuencia o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
b e h	B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	CCL CD CSC	Produce textos sinxelos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
b e h	B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	CCL CD	Produce, en formato papel ou dixital, textos sinxelos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.
b e h f	B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.	B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.	CCL CD	Utiliza, con progresiva autonomía, algunhas das funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.
			LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.	CCL CD	Emprega ás veces os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.
b f h	B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.	B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.	LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.	CCL CAA	Participa, de modo guiado, nalgunhas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.
			LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.	CCL CAA	Acepta con normalidade o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	CCL	Utiliza un vocabulario suficientemente amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.
a d e	B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL CAA	Recoñece e pronuncia correctamente a maioría dos fonemas propios da lingua galega.
b e n l	B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	CCL CD	Obtén, de xeito autónomo, algunha información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.
b e	B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL	Aplica correctamente a maioría das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
			LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	CCL	Aplica varias estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
e	B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	CCL	Analiza e usa aceptablemente a puntuación de acordo coa cohesión textual.
			LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	CCL CAA	Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións simples a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
			LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	CCL CSC	Reflexiona aceptablemente sobre as mensaxes, identifica algúns prexuízos lingüísticos e rexéitaos.
d e h	B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.	LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL	En xeral, identifica as ideas principais e algunhas secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
			LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.	CCL	Recoñece a intención comunicativa da maior parte dos textos.
			LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	CCL CAA	En xeral, diferencia as explicacións dos argumentos máis básicos.
d	B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no	B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates,	CCL CCA	En xeral, identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates,

e h	ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.	relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.		relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un resumo, mais non un esquema.
			LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.	CCL CSC	Recoñece algúns procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.
a c d h	B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.	B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CCL CAA CSC	En xeral, coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e ás veces recoñece a linguaxe discriminatoria, rexeitando esta).
			LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	CCL CSC CSIEE	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dalgúns dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.
h o	B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas.	CCL CAA	Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece algúns erros de produción oral propia e allea, mais non propón solucións para mellorar.
			LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.	CAA	Normalmente usa a variante dialectal propia e asúmea como variedade natural.
a c d h	B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión..	B1.7. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.	CCL CSC	En xeral, participa en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía e respecta as opinións dos demais, máis cústalle manifestar as súas.
			LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.	CCL CSC	Cínguese ás veces ao tema, normalmente non divaga e en xeral atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.
			LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas.	CAA	En xeral, avalía as intervencións alleas, pero cústalle facelo coas propias.
			LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita	CCL CSC	En xeral, respecta as quendas de palabra, o espazo, escoita activamente os demais e usa

			activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.		fórmulas de saúdo e despedida, mais non xestícula adecuadamente.
a b c g h o	B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.	B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	CAA	Elabora guións básicos para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
			LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL	Participa mais non con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando a maioría das regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome persoal átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
			LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	CCL	Emprega, aínda que pouco, nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.
			LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	CCL CSC CSIEE	En xeral, fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta certo autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio sen moitas vacilacións.
			LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico aceptable aínda que algo repetitivo..
			LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	CCL CAA	Adecúa ás veces a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.
			LGB1.8.7. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	CAA CCL	Recoñece algúns erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e trata, progresivamente, de evitalos.
a d h	B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre	B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.	CCL CSC CSIEE CCEC	Participa de cando en vez en conversas informais nas que intercambia información e expresa ás veces a súa opinión.

I ñ	temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.		LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	CSC CSIEE	Desenvólvese con suficiente corrección en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.
			LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	CCL CSC	Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía, mais non sempre son as axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.
			LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas.	CCL	En xeral, realiza resumos ou exposicións educativas sinxelas.
b e g h	B1.10. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.	B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	CD CAA CSIEE	Ás veces, consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos e incorporalos ás súas producións.
			LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	CD CCL CSC	Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis ás veces non de forma clara e atractiva visualmente.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR					
b f h	B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.	CCL CAA	Usa algunhas técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados e resumos, mais non esquemas.
			LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.	CCL CAA	Usa algunhas técnicas de ampliación e organización da información.
			LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.	CCL CAA	Busca e asimila o significado dalgunhas palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.
			LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	CCL CAA	En xeral, relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.
d e h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	CCL CSC	Comprende e interpreta a maioría dos textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión.
			LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía	CCL	Identifica moitos dos trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía

			textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).		textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).
d e h	B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.	B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.	CCL CSC	Comprende e interpreta con suficiencia textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.
			LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.	CCL CSC	En xeral, distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.
d e h	B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).	B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.	CCL CAA	Comprende e interpreta a maioría dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.
			LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.	CCL CAA CD	Ás veces, consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.
			LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.	CCL CAA	Interpreta, deduce e explica a información básica que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais sinxelos.
b h	B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.	B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.	LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.	CCL CAA	Interpreta o sentido global de textos expositivos e explicativos, pero non o esquema.
			LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.	CCL	Identifica aceptablemente a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.
b e g h	B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.	B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.	LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.	CCL CAA CD	Aplica basicamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.
a c	B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto,	B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo	LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	CCL	Identifica e expresa de xeito elemental posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.

d h	para detectar prexuízos e discriminacións.	de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.	LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	CCL CSC	Recoñece algúns usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias e trata de evitalos.
h ñ	B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.	B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.	LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.	CCL	Le en voz alta, de xeito fluído e respecta en xeral a fidelidade ao texto.
			LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.	CCL	En xeral, respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e normalmente emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.
b e h	B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.	LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.	CCL CSC CD	Produce, en formato papel ou dixital, textos simples da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.
b e h	B2.10. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.	B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.	LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.	CCL CD	Produce a nivel medio, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.
b e h	B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.	B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares.	LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.	CCL CD	Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sinxelos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
			LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.	CCL CD	Usa aceptablemente algúns elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.
b e h	B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados,	CCL CAA	Planifica medianamente a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
			LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos.	CCL CAA	Redacta borradores para planificar e organizar os seus escritos, pero non utiliza esquemas.

			LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.	CCL CAA CD	Consulta algunha fonte de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.
			LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.	CCL CSC	Utiliza ás veces o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.
			LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).	CCL	Usa algúns elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).
			LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).	CCL CAA	Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais), pero non de contido.
b e h	B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.	B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.	LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.	CCL CD	Usa, de cando en vez, as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.
a d e h	B2.14. Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.	B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.	LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.	CCL CSC CCEC CD	En xeral, coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos ou propios en blogs, redes sociais.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA					
b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.	LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.	CCL CAA	Selecciona de cando en vez o léxico e algunha das expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.
b e	B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.	B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.	LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.	CCL CCA	Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun aceptable uso das distintas categorías gramaticais.

l			LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	CCL CCA	Identifica e explica algúns dos usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.
b e i	B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).	B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos.	LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	CCL CCA	Sabe dos procedementos de creación de palabras, pero non sempre os recoñece.
			LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.	CCL CCA	Consegue crear algunha palabra cos procedementos de creación.
a d e	B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.	B3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.	LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.	CCL CAA	Recoñece e usa aceptablemente a fonética da lingua galega.
b e n l	B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.	B3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.	LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resollen as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.	CCL CD	Utiliza en ocasións os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolve parte das súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa adecuadamente na aprendizaxe.
b e	B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.	B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.	CCL CAA	Emprega textos orais e escritos e respecta bastantes normas gramaticais.
e	B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación.	LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.	CCL	Revisa algo os textos para puntuar correctamente.
b e	B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.	B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.	LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan.	CCL CAA	Recoñece e explica nos textos algunhas funcións sintácticas oracionais e diferenza case sempre os elementos que as desempeñan.
a b e	B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de	B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.	LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.	CCL	Identifica e usa os principais conectores, así como algúns mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.

	cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.				
b	B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores.	B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.	LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.	CCL	En xeral, determina o tema e identifica a progresión temática dun texto, pero non delimita a estrutura. Elabora textos nos que non sempre ten en conta os parámetros anteriores.
e	B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.	B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.	LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.	CLC CSC	Interpreta aceptablemente o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.
b e h	B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, pero non valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
b e	B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	Utiliza raramente os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE					
ñ o	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da	LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.	CCL CSC	Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, mais cústalle explicar a súa postura.

	B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo. B4.3. A lusofonía.	riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.	LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.	CCL	Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada a bastantes situacións da realidade galega.
			LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.	CCL CSC	Valora pouco o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade.
			LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.	CCL	Coñece a maioría das linguas que forman parte da nosa familia lingüística.
			LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.	CCL CSC	Coñece algúns dos territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.
			LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).	CCL CSC CD	Incorpora á súa práctica cotiá moi escasos recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).
ñ o	B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.	LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.	CCL CSC	Describe e analiza basicamente de forma dirixida a situación sociolingüística de Galicia.
			LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.	CCL CSC CD	Analiza gráficas sinxelas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.
			LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.	CCL	Identifica moitos castelanismos nas producións lingüísticas e depura algúns destes elementos no seu propio discurso.
ñ o	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.	CCL CSC	Coñece algunha das principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.
			LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.	CCL	Comprende o concepto normalización, mais non explica o proceso normalizador do galego.
			LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC	Reflexiona sobre a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

I ñ o	B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	B4.4. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.	LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL	Recoñece algúns dos principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
			LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL CSC	Recoñece varios dos acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
			LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL CSC	Identifica algunhas causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
			LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL CSC	Identifica algunhas das consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
			LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL CSC CD	En xeral, interpreta gráficos, táboas, textos sinxelos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
ñ	B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.	B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.	LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.	CCL CSC	Coñece parte da lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.
ñ o	B4.8. Prexuízos lingüísticos.	B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter so- ciocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	CCL CSC	Coñece o que é un prexuízo e detecta algúns na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
ñ o	B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	B4.7. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.	LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.	CCL	Identifica as variantes diastráticas do galego, mais non as clasifica.
			LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.	CCL CSC	Recoñece moitos dos trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.
			LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	CCL CSC	Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona, se os coñece.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

h i	B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	CCL	Identifica basicamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
			LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.	CCL	Comprende e explica aceptablemente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala algúns dos seus principais trazos característicos.
h i	B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.	CCL	Selecciona, coa axuda do/a profesor/a, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.
			LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	CCL	Le case autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido e, en xeral, sinala algúns trazos característicos definitorios e, ás veces, relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
			LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	CCL	Fai comentarios literarios, de forma guiada, de textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, e sinala algúns dos seus trazos característicos definitorios e, ás veces, relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
			LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).	CCL	Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala algúns dos seus trazos característicos definitorios e relaciónaos basicamente co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).

h l	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	CCL	Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos de pouca complexidade da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
			LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.	CCL	En xeral, participa con proveito da lectura e audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, mais na maioría dos casos non é quen de escribir ou debater, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.
b h l	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	CCL	En xeral, elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan basicamente textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
e h l	B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.	B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	CCL	Consulta algunhas fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.
			LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.	CCL CD	Fai emprego, ás veces, de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL CCEC	Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
			LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos	CCL	Desenvolve algo o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

4º ESO

1ª AVALIACIÓN

OBX.	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDAR
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR					
d e h	B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.	B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.	CCL	En xeral, comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, a miúdo identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, basicamente determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.
			LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.	CCL	Distingue algunhas das partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e algunhas das secundarias.
			LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.	CCL CAA	Analiza criticamente de xeito aceptable tanto a forma como o contido de noticias, debates procedentes dos medios de comunicación e con frecuencia recoñece a validez dos argumentos.
d e h	B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.	B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.	LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.	CCL CAA	Distingue ás veces entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica algunhas das estratexias de enfatización.
			LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).	CCL CSEIE E	Analiza os elementos verbais dos textos orais: mais non é quen de diferenciar claramente o plano fónico (xogos fónicos), o plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e o plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).

			LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.	CLL CCEC	Analiza algúns dos elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.
d e h	B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	CCL CAA	Identifica basicamente a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un resumo, mais o esquema é elemental.
			LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.	CCL CSC	Recoñece algúns dos procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.
d e h	B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL	En xeral, identifica a intención comunicativa, a idea principal e algunhas das secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
	B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.		LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura	CCL	Valora algo o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade, mais non é quen de argumentar cun discurso propio a súa postura.
	B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.		LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	CCL CSC	Coñece a maioría dos territorios que forman parte da comunidade lusófona e describe basicamente a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.
			LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).	CCL CSC CD	Incorpora á súa práctica cotiá algúns recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).
ñ o	B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.	LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	CCL CSC	Coñece e describe parte da lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.
			LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	CCL CSC	Describe aceptablemente con criterios sociolingüísticos, pero de forma dirixida, a situación galega actual.

			LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.	CCL CSC CD	Analiza gráficas pouco complexas de distribución de linguas tirando algunhas conclusións nas que incorpora parte dos seus coñecementos sociolingüísticos.
			LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.	CCL CSC	Describe basicamente e de forma dirixida a situación sociolingüística de Galicia e emprega parte da terminoloxía apropiada.
			LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.	CCL CSC	En xeral, analiza bastante ben as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.
ñ o	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.	CCL CSC	Identifica a maioría dos procedementos de normalización e argumenta con suficiencia sobre a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.
			LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.	CCL CSC	En xeral, distingue normativización e normalización e explica de forma aceptable cada fenómeno.
			LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC	Analiza de xeito reflexivo a súa propia práctica lingüística e en xeral valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
			LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	CCL CSC	Coñece a maioría dos principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.
ñ o	B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.	LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	CCL	Recoñece algúns dos principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
			LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.	CCL CCEC	Recoñece moitos dos acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora aceptablemente textos expositivos sobre as diferentes etapas.
			LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC	Identifica algunhas das causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.

			LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC	Identifica algunhas das consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.
			LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC CD	En xeral, interpreta gráficos e táboas de pouca complexidade, e textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.
ñ o	B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.5. Describir a situación socio-lingüística e legal das linguas de España.	LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.	CCL CD	Describe en parte a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español, pero de pouca complexidade.
ñ o	B4.8. Prexuízos lingüísticos.	B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.	CCL CSC	Sinala algúns dos prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega, mais non é quen de rebatelos cunha argumentación axeitada.
			LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.	CCL CSC	En xeral, analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta algúns prexuízos, en caso de os ter, mais rebáteos argumentadamente con simplicidade.
ñ o	B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.	LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	CCL CSC	Recoñece a maioría dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.
			LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.	CCL	Recoñece moitos dos trazos da variedade estándar da lingua galega.
			LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.	CCL	En xeral, valora a lingua estándar como variedade unificadora.
			LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	CCL CSC	En xeral, valora a lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita calquera prexuízo sobre a variación diatópica.

			LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	CCL CSC	Recoñece a maioría das variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe basicamente o influxo da situación sociolingüística nelas.
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA					
h l	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	En xeral, identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
			LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.	CCL	Comprende e explica con certo razoamento os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.
h l	B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.	CCL	Selecciona, coa axuda do profesor/a e seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.
			LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e socio- lingüístico do período da literatura galega correspondente.	CCL	En xeral, le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala algúns dos seus trazos característicos definitorios e normalmente relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
			LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente	CCL	Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala algúns dos seus trazos característicos definitorios e normalmente relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente
			LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon	CCL	Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos

			todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.		definitorios e normalmente pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.
h l	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	En xeral, le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
			LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.	CCL	Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade, mais só é quen de escribir ou debater, argumentadamente, sobre os aspectos literarios destes.
b h l	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	Elabora con suficiencia traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
e h l	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	CCL	Consulta algunhas fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.
			LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD	Fai emprego dalgúns dos diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos exuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL CCEC	En xeral, crea ou recrea textos non moi complexos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
			LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	CCL CCEC	Desenvolve progresivamente o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

3ª AVALIACIÓN

OBX.	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDAR
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR					
d e h	B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.	B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.	CCL	En xeral, comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, a miúdo identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, basicamente determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.
			LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.	CCL	Distingue algunhas das partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e algunhas das secundarias.
			LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.	CCL CAA	Analiza criticamente de xeito aceptable tanto a forma como o contido de noticias, debates procedentes dos medios de comunicación e con frecuencia recoñece a validez dos argumentos.
d e h	B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.	B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.	LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.	CCL CAA	Distingue ás veces entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica algunhas das estratexias de enfatización.
			LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).	CCL CSEIE E	Analiza os elementos verbais dos textos orais: mais non é quen de diferenciar claramente o plano fónico (xogos fónicos), o plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e o plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).
			LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios	CLL CCEC	Analiza algúns dos elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música),

			publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.		en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.
d e h	B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	CCL CAA	Identifica basicamente a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un resumo, mais o esquema é elemental.
			LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.	CCL CSC	Recoñece algúns dos procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.
d e h	B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL	En xeral, identifica a intención comunicativa, a idea principal e algunhas das secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
a c d h	B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	CCL	Identifica algúns dos recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.
			LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	CCL CSC	Coñece e aplica case sempre as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.
			LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	En xeral, recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.
h o	B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	CCL CAA	Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica algúns erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan aceptablemente as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.

			LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	CAA CSC	Recoñece e rexeita algúns dos prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.
			LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CCEC	Ás veces, usa, se a posúe, a variante dialectal propia e adoita asumila como a variedade habitual do seu contexto.
h o	B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CLL CSC	En xeral, produce texto orais, en intervencións espontáneas, adecuadas basicamente á situación e á intención comunicativa desexada, con suficiente coherencia, cohesión e corrección.
			LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL	Participa bastante, mais de forma pouco fluída nas intervencións orais espontáneas respectando aceptablemente as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome persoal átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
			LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	CCL	Emprega raramente nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.
			LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico máis ben repetitivo.
a c d h	B1.8. Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.	B1.8. Manifesta una actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.	LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.	CCL CAA	En xeral, reflexiona e ten unha postura bastante crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.
			LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	CCL CSC	Rexeita sen argumentar os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.
a b	B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de	B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.	LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.	CAA CCL	Planifica normalmente a produción oral, estrutura algo o contido, revisa con frecuencia os borradores e esquemas elementais.

e g h o	técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.		LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.	CCL	En xeral, presenta os contidos de forma bastante clara e ordenada e con aceptable corrección gramatical.
			LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	CCL	Utiliza o rexistro bastante adecuado á situación comunicativa.
			LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	Emprega aceptablemente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia bastante axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como algo o autocontrol das emocións ao falar en público.
			LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.	CD CAA CCL	En xeral, emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto, mais a presentación resulta pouco atractiva e innovadora.
b h	B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas	B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	CCL CAA	Recoñece algúns erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos pero no logra evitalos nas súas producións.
a c d h	B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL CAA	Desenvolve argumentos de forma bastante comprensible e convincente e comenta algo as contribucións das persoas interlocutoras.
			LGB1.11.2 Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	CCL CSC	En xeral, trata de aplicar as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta normalmente as quendas e as opinións alleas e emprega normalmente unha linguaxe non discriminatoria.
a d h i ñ	B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	CCL CSC CSIEE CCEC	En xeral, desenvólvese con bastante eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e normalmente participa en conversas informais.

h o	B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.	B1.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.	LGB1.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CAA CSC CSIEE	Identifica e describe algo os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR					
b f h	B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).	CCL CAA	Emprega algunhas das pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).
			LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	CCL	En xeral, aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e algúns recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.
			LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	CCL	Elabora de xeito aceptable o esquema xerarquizado de ideas dun texto.
			LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	CCL	En xeral, deduce bastante información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.
			LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	CCL CCA	Entende o significado dalgunhas palabras propias do rexistro culto, mais raramente as incorpora ao seu discurso.
d e h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.	LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	CCL	Identifica algo a intención comunicativa, o tema e algúns dos subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.
			LGB2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).	CCL CSC	Normalmente comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación).

					reclamación e impreso administrativo de reclamación).
d e h	B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	LGB2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	CCL CD	Comprende a maioría dos textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.
			LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	CCL	Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas, de carácter sinxelo.
d e h	B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos.	B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.	LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.	CCL	En xeral, identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.
			LGB2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.	CCL	Elabora con bastante corrección a súa propia interpretación a partir da maioría dos argumentos expresados nun texto.
d e h	B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	CCL CSC	Diferenza a maioría dos trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
			LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	CCL CSC	En xeral, valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue basicamente entre información, opinión e persuasión.
d e h	B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.6. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).	CCL CSC	Comprende e interpreta a maioría das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).
			LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	CCL CSC	Reflexiona e ten unha postura suficientemente crítica ante a maioría das mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.
c d h	B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorias.	B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	LGB2.7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	CCL CSC	Reflexiona sobre algúns dos usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
			LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios	CCL CSC	Detecta con frecuencia algúns prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos

			de comunicación con especial atención á publicidade.		textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.
b e f h	B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.	B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.	CCL CD CSC	Normalmente selecciona contidos, analiza información e extrae algunhas conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.
			LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.	CCL CD CAA CSC	Sérvese dalgúns dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.
b f h	B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).	CCL	Utiliza algunhas das distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).
			LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	CCL	Utiliza normalmente o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.
			LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.	CCL	Ordena aceptablemente as ideas e estrutura basicamente os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.
			LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.	CCL CD	Coñece a maioría das regras ortográficas e das normas morfosintácticas e sérvese ás veces das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.
			LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	CCL	Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, mais non de formato ou de presentación.
b e	B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos	B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.	CCL CD CAA	Usa ás veces as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras

f h	proprios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.				páxinas especializadas no estudo da lingua galega.
			LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc.	CCL CD	Usa en ocasións procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a algunhas das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc.
			LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.	CCL CD CSC	Usa ás veces as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.
b e h	B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.	B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.	LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).	CCL CD CSC	Produce, respectando algunhas das súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).
b e h	B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	CCL CD CSC	Crea, con bastante corrección en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.
b e	B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a	B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	CCL CD CSC	Elabora aceptablemente, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

h	partir da información obtida de distintas fontes.		LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun temadado sen documentación previa.	CCL CD	Crea con suficiencia, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.
			LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.	CCL	En xeral, sintetiza a información e resume textos argumentativos, mais ás veces repite e parafrasea o texto de partida.
d h	B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.	B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.	LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CSC CCEC	En xeral, identifica e describe algúns dos valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA					
b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	CCL CAA	Recoñece, explica e usa un léxico suficiente e bastante preciso de diferentes categorías gramaticais.
			LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	CCL CAA	Recoñece, explica e usa algo a fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.
b e l	B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.	B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	CCL CAA	En xeral, recoñece e usa aceptablemente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.
b e i	B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.	B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.	LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	CCL CAA	En xeral, recoñece e explica con suficiencia os procedementos de creación de palabras.
			LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	CCL CAA	Consegue crear algunha palabra nova utilizando os procedementos de creación léxica.
			LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	CCL	Recoñece basicamente os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.
			LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	CCL	Identifica algo a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.

a d e	B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).	B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.	CCL CAA	Recoñece e usa con bastante corrección a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.
b e n i	B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.	B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	CCL CD	Usa aceptablemente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.
b e	B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.	CCL CAA	Aplica a maioría das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.
			LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL	En xeral, recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
e	B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.	B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	CCL	Analiza e usa bastante ben a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
b e	B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.	B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.	LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	CCL CAA	Recoñece a maioría dos enunciados e identifica case sempre a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.
			LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	CCL	Recoñece a maior parte da estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.
			LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.	CCL	Respecta normalmente a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.
			LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.	CCL	En xeral, clasifica oracións segundo a natureza do predicado.
			LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	CCL	Usa a maioría das veces a terminoloxía sintáctica correcta.
e h	B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular	B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así	LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os	CCL CAA	Recoñece, explica, ás veces; e usa a maioría dos nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así

	os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.	como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.		como algúns dos mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
e	B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.	B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.	LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	CCL	Identifica a estrutura básica do texto, en construcións propias e alleas.
			LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.	CCL CAA	Xustifica, máis non argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.
			LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.	CCL	En xeral, identifica a progresión temática en textos propios e alleos.
a b e	B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.	B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.	LGB3.10.4. Elaborar textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	CLL	Elabora textos cunha estrutura bastante apropiada, divididos en parágrafos e empregando algúns dos mecanismos de progresión temática.
			LG3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias.	CCL	Identifica e describe a veces a estrutura e algúns dos trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, mais raramente os aplica nas producións propias.
b e	B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.	B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.	LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	CCL CCA	Adecúa as producións en función do contexto, do tema e do xénero textual; mais non é quen de xustificar.
			LGB3.12.2. Elaborar producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	CCL	Elabora aceptablemente producións lingüísticas cunha adecuación bastante apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.
b e h	B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten	B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, mais non valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

	estereotipos lingüísticos ou culturais.				
b e	B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	Utiliza ás veces os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE					
ñ o	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	CCL CCEC	Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, mais cústalle argumentar a súa postura.
	B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.		LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura	CCL	Valora algo o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade, mais non é quen de argumentar cun discurso propio a súa postura.
	B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.		LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	CCL CSC	Coñece a maioría dos territorios que forman parte da comunidade lusófona e describe basicamente a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.
			LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).	CCL CSC CD	Incorpora á súa práctica cotiá algúns recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).
ñ o	B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.	LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	CCL CSC	Coñece e describe parte da lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.
			LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	CCL CSC	Describe aceptablemente con criterios sociolingüísticos, pero de forma dirixida, a situación galega actual.

			LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.	CCL CSC CD	Analiza gráficas pouco complexas de distribución de linguas tirando algunhas conclusións nas que incorpora parte dos seus coñecementos sociolingüísticos.
			LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.	CCL CSC	Describe basicamente e de forma dirixida a situación sociolingüística de Galicia e emprega parte da terminoloxía apropiada.
			LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.	CCL CSC	En xeral, analiza bastante ben as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.
ñ o	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.	CCL CSC	Identifica a maioría dos procedementos de normalización e argumenta con suficiencia sobre a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.
			LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.	CCL CSC	En xeral, distingue normativización e normalización e explica de forma aceptable cada fenómeno.
			LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	CCL CSC	Analiza de xeito reflexivo a súa propia práctica lingüística e en xeral valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
			LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	CCL CSC	Coñece a maioría dos principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.
ñ o	B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.	LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	CCL	Recoñece algúns dos principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
			LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.	CCL CCEC	Recoñece moitos dos acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora aceptablemente textos expositivos sobre as diferentes etapas.
			LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC	Identifica algunhas das causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.

			LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC	Identifica algunhas das consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.
			LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC CD	En xeral, interpreta gráficos e táboas de pouca complexidade, e textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.
ñ o	B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.5. Describir a situación socio-lingüística e legal das linguas de España.	LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.	CCL CD	Describe en parte a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español, pero de pouca complexidade.
ñ o	B4.8. Prexuízos lingüísticos.	B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.	CCL CSC	Sinala algúns dos prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega, mais non é quen de rebatelos cunha argumentación axeitada.
			LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.	CCL CSC	En xeral, analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta algúns prexuízos, en caso de os ter, mais rebáteos argumentadamente con simplicidade.
ñ o	B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.	LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	CCL CSC	Recoñece a maioría dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.
			LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.	CCL	Recoñece moitos dos trazos da variedade estándar da lingua galega.
			LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.	CCL	En xeral, valora a lingua estándar como variedade unificadora.
			LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	CCL CSC	En xeral, valora a lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita calquera prexuízo sobre a variación diatópica.

			LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	CCL CSC	Recoñece a maioría das variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe basicamente o influxo da situación sociolingüística nelas.
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA					
h l	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	En xeral, identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
			LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.	CCL	Comprende e explica con certo razoamento os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.
h l	B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.	CCL	Selecciona, coa axuda do profesor/a e seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.
			LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e socio- lingüístico do período da literatura galega correspondente.	CCL	En xeral, le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala algúns dos seus trazos característicos definitorios e normalmente relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
			LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente	CCL	Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala algúns dos seus trazos característicos definitorios e normalmente relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente
			LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon	CCL	Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos

			todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.		definitorios e normalmente pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.
h l	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	En xeral, le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
			LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.	CCL	Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade, mais só é quen de escribir ou debater, argumentadamente, sobre os aspectos literarios destes.
b h l	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	Elabora con suficiencia traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
e h l	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	CCL	Consulta algunhas fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.
			LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD	Fai emprego dalgúns dos diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos exuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	CCL CCEC	En xeral, crea ou recrea textos non moi complexos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
			LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	CCL CCEC	Desenvolve progresivamente o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

1º BACHARELATO

1ª AVALIACIÓN

OBX.	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDAR
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR					
b d e	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais.	LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CLL	Identifica medianamente a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
			LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	CCL CAA	Recole as ideas fundamentais en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.
			LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	CCL CAA	Interpreta, reflexiona algo e emite xuízos críticos básicos sobre discursos orais de distinta natureza.
b d e	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).	LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.	CCL CAA	Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas básicas concretas relativas á comprensión de textos orais.
			LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.	CCL CSC	Comprende as ideas principais e os contidos máis relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.
			LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	CAA	Recoñece en xeral algunhas das distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.
			LGB1.2.4. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	CAA	Procura escoitar de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.

b d e h	B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas).	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas).	LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).	CCL CSC CCEC	En xeral, recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).
			LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.	CCL CSC	Identifica as características básicas propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.
			LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.	CCL CAA CSC	En xeral, analiza e explica os recursos verbais e non verbais empregados.
a b e m	B1.4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto..	LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	CCL	Identifica os principais recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.
			LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.	CSC	Coñece e aplica as normas máis usuais que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.
			LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CSC CCL CSIEE	En xeral, recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.
d e g i m	B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	CAA CCL	Planifica os seus textos orais e en xeral logra producir discursos adecuados, coherentes e bastante ben cohesionados.
			LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.	CAA CSIEE	En xeral, consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas
			LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.	CCL	En xeral, presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.
			LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	CCL CSC	Utiliza aceptablemente o rexistro adecuado á situación comunicativa.

			LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	En xeral, emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.
			LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.	CAA CD CCL	Emprega con frecuencia as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e bastante innovadora.
e g i l	B1.6. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	B1.6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.	CCL	Desenvolve un tema do currículo cun mínimo de rigor, claridade e corrección gramatical.
			LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	CCL	Trata de emprega léxico preciso e especializado e procura evitar o uso de coloquialismos e palabras comodín.
			LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.	CCL CSC	Normalmente emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.
			LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.	CSC CSIEE	En xeral, adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.
e h	B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC	Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con certa coherencia, cohesión e corrección.
			LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL	Participa nas intervencións orais espontáneas respectando a maioría das regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome persoal átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
			LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego:	CCL	Emprega nas intervencións orais espontáneas algunhas das expresións

			infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.		propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.
			LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	Procura emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico medianamente rico e variado.
a b e	B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema actualidade.	LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL CSC CSIEE	En xeral, desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.
			LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatória.	CCL CSC CSIEE	Aplica a maioría das normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatória.
a b e m	B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en con- versas informais.	CAA CCL CSC CSIEE	Desenvólvese con bastante eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.
b d e	B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, re- peticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.	CCL CAA	Recoñece en exposicións propias e alleas algunhas das dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica moitas interferencias lingüísticas e desviacións da norma.
			LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	CAA CSIEE	Deseña algunhas estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.
b e	B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	CCL CAA	Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica algúns erros na produción oral allea e produce discursos orais que, en xeral, respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.
			LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	CAA CCL CSC	Recoñece e rexeita a maioría dos prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega, pero argumentaos superficialmente.

			LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CAA CCL CSC	En xeral, usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR					
b f h	B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	CCL CAA	Recole as ideas fundamentais do texto en resumos e esquemas e, ás veces, mapas conceptuais.
			LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.	CCL CSC	En xeral, interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite ás veces opinións e a miúdo xuízos sobre a mensaxe.
			LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.	CCL	Distingue o tema principal e os algúns subtemas e compón un esquema minimamente xerarquizado das ideas do texto.
			LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	CCL CD CAA	Utiliza algúns recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.
b h	B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados.	B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.	CCL	En xeral, selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.
			LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.	CCL	Identifica e describe as características básicas lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.
			LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.	CCL CSC	En xeral, utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.
			LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.	CCL	Utiliza, en xeral, mecanismos variados de cohesión lingüística.
			LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL	Axústase notablemente ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

b d e h	B2.3. Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios e enciclopedias).	B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios).	CCL CD CAA	En xeral, comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios).
			LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	CCL	Identifica cando menos o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.
			LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo.	CCL	Sintetiza e distingue as ideas principais e algunhas secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo.
			LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.	CCL CAA	Analiza algúns dos recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e a miúdo valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.
			LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	CCL	Desenvolve un tema do currículo con certo rigor e claridade, tratando de respectar a corrección ortográfica e gramatical.
			LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	CCL	En xeral, emprega léxico preciso e especializado e tenta evitar o uso de coloquialismos e palabras comodín.
b c d h	B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión.	B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	CCL CSC	Comprende, produce e procura valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.
			LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios.	CCL CSC	Interpreta de maneira aceptable as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios.

			LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.	CCL CSC	Identifica e rexeita, ás veces, moitas ideas e usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.
b f h	B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.	CCL	Identifica e analiza con certa suficiencia a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.
b f h	B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.	CCL	Produce, identifica e analiza con certa suficiencia a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.
b f h	B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.	CCL	Produce, identifica e analiza con certa suficiencia a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.
b f h	B2.8. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.	CCL	Produce, identifica e analiza con certa suficiencia a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.
b f h	B2.9. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.9. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.	CCL	Produce, identifica e analiza con certa suficiencia a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.
b e f h	B2.10. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC.	B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.	LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.	CCL CD CAA	Consulta habitualmente fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas- resumen.
			LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.	CCL CD	En xeral, planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.

			LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	CCL CD	En xeral, respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.
BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA					
e	B3.1. Coñecemento e reflexión sobre os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas.	B3.1. Verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado.	LGB3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe.	CCL	Produce, compón e revisa textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe, e é quen de analizar de xeito aceptable tanto os textos propios como os alleos.
			LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.	CCL	Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas e signo lingüístico.
a b e	B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa.	B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento.	LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.	CCL CSC	En xeral, recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.
			LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.	CCL CSC	En xeral, valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.
a b c e	B3.3. Producción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSIEE CAA	Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un aceptable nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
e	B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo.	B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.	LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.	CCL CAA	Identifica e en xeral explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.

e	B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores).	B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.	LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL CAA	Identifica e en xeral explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
[Fontán](#). Marcos Calveiro. Editorial Galaxia. NOVELA

[Galván en Saor](#). Darío Xohán Cabana. Editorial Xerais. NOVELA

[Gárgola](#). Carlos Vila Sexto. Editorial Galaxia. NOVELA

[Iridium](#). Francisco Castro. Editorial Galaxia. NOVELA

[Comedia bífida](#). Manuel Núñez Singala. Editorial Galaxia. TEATRO

[Longa noite de pedra](#). Celso Emilio Ferreiro. POESÍA

[Made in Galiza](#). Sechu Sende. Editorial Galaxia. RELATOS

[Marta ante o espello](#). Teresa Calo Fontán. Editorial Xerais. TEATRO

[Menú de enganos](#). Manuel Núñez Singala. Editorial Xerais. RELATOS

[Morning Star](#). Xosé Miranda. Editorial Xerais. NOVELA

Mortes cedas. Joseph Hansen. Vía láctea (descatalogado. Biblioteca)

[Nubes de evolución](#). Andrea Maceiras. Editorial Xerais. NOVELA

[O alento nas costas](#). Natalia Carou Figueira. Baía Edicións. NOVELA

O bocexo do puma. Gonzalo Moure. Obradoiro (descatalogado. Biblioteca)

[O club da calceta](#). María Reimóndez. Editorial Xerais. NOVELA

[O imposible de desatar](#). Iván García Campos. Editorial Galaxia. NOVELA

[O mundo en que vivín](#). Ilse Losa. Hércules Ediciones. NOVELA

O prognóstico da lúa. Marga do Val. Obradoiro. (descatalogado. Biblioteca)

[O único que queda é o amor](#). Agustín Fernández Paz. Editorial Xerais. RELATOS

[Os biosbardos](#). Eduardo Blanco Amor. Editorial Galaxia. RELATOS

[Os vellos non deben de namorarse](#). Alfonso Daniel R. Castelao. Editorial Galaxia. TEATRO

[Pano. O derradeiro caso de Poirot](#). Agatha Christie. Editorial Galaxia. NOVELA

[Pirata](#). María Reimóndez. Editorial Xerais. NOVELA

[Pepa a loba](#). Carlos Reigosa. Editorial Xerais. NOVELA

[Que me queres, amor?](#) Manuel Rivas. Editorial Galaxia. RELATOS

[Retrincos. Un ollo de vidro](#). Alfonso Daniel R. Castelao. Editorial Galaxia. RELATOS

[Settecento](#). Marcos Calveiro. Editorial Xerais. NOVELA

[Tes ata as 10](#). Francisco Castro. Editorial Galaxia. NOVELA

[Unha primavera para Aldara](#). Teresa Moure. Editorial Xerais. TEATRO

[Xente de aquí e acolá](#). Álvaro Cunqueiro. Editorial Galaxia. RELATOS

1º de BACHARELATO

[A ciencia no punto de mira](#). Jorge Mira. Auga Editora. ENSAIO E INVESTIGACIÓN.

[A dúbida](#). María Reimóndez. Editorial Xerais. NOVELA

[A arte de trobar](#). Santiago Lopo. Editorial Xerais. NOVELA

[A compañía clandestina de contrapublicidade](#). Marilar Aleixandre. Galaxia. NOVELA

[A esmorga](#). Eduardo Blanco Amor. Galaxia. NOVELA

[A memoria da choiva](#). Pedro Feijoo. Editorial Xerais. NOVELA

[Cantares Gallegos](#). Rosalía de Castro. Galaxia. POESÍA

[Como falar e escribir en galego con corrección](#). Carlos Callón. Xerais. ENSAIO

[Follas Novas](#). Rosalía de Castro. Galaxia. POESÍA

[Funambulistas](#). Mercedes Leobalde García. Xerais. RELATOS + [Peaxes](#).
Santiago Lopo. Xerais NOVELA CURTA (os 2 libros en lectura conxunta)

[Galileo no espello da noite](#). Xabier Paz. Xerais. NOVELA

[Infamia](#). Leticia Costas. Xerais. NOVELA

[Instrucións para tomar café](#). Manuel Núñez Singala. Editorial Xerais. RELATOS

[Izan o da saca](#). Xabier Quiroga. Editorial Xerais. NOVELA

[Non hai noite tan longa](#). Agustín Fernández Paz. Editorial Xerais

[O xogo de Babel](#). Elena Gallego Abad. Xerais. Novela

[Os fillos do mar](#). Pedro Feijoo. Editorial Xerais. NOVELA

[Por puntos](#). Manuel Portas. Galaxia. NOVELA

[Reckles, carne de pedra](#). Cornelia Funke. Xerais. NOVELA

[Resistencia](#). Rosa Aneiros. Editorial Xerais. NOVELA

[Veleno de tinta impresa](#). Xosé A. Neira Cruz. Xerais. NOVELA CURTA. +
[Illas a sotavento](#). Henrique Dacosta. Xerais. NOVELA CURTA (os 2 libros
van en lectura conxunta)

2º de BACHARELATO

[A fiestra valdeira](#). Rafael Dieste. Editorial Galaxia. TEATRO

[A lúa da colleita](#). Anxos Sumai. Editorial Galaxia. NOVELA

[A morte das linguas](#). David Crystal. Editorial Galaxia. ENSAIO

[A praia dos afogados](#). Domingo Villar. Editorial Galaxia. NOVELA

[Antígona, a forza do sangue](#). María Xosé Queizán. Editorial Galaxia. TEATRO

[Antoloxía do conto galego do século XX](#).VV.AA. Editorial Galaxia. RELATOS

[Así nacen as baleas](#). Anxos Sumai. Editorial Galaxia. NOVELA

[Cartuxeira](#). María Xosé Queizán. Editorial Galaxia. TEATRO

[Circe ou o pracer do azul](#). Begoña Caamaño. Editorial Galaxia. NOVELA

[De Cantares Hoxe](#). Fundación Rosalía de Castro. POESÍA

[De catro a catro](#). Manuel Antonio. Editorial Galaxia. POESÍA

[Ecolingüística, entre a ciencia e a ética](#). Teresa Moure. Universidade da Coruña. ENSAIO (descatalogado)

[En vías de extinción](#). María Reimóndez. Xerais. NOVELA

Galicia contada aos non galeguistas. Manuel Veiga Taboada. Xerais. ENSAIO

Guía das linguas de Europa. Xosé Henrique Costas. Edicións Positivas. ENSAIO (descatalogado)

[Mal de linguas](#). Jesús Tusón. Edicións Positivas. ENSAIO (descatalogado)

[Morgana en Esmelle](#). Begoña Caamaño. Editorial Galaxia. NOVELA

[Mua-Mua](#). Roald Dahl. Ir Indo. RELATOS (descatalogado. Hai algún exemplar na biblioteca do centro)

[Mudanzas e outros velenos](#). Marilar Aleixandre. Galaxia. POESÍA

[Neuras](#). María Xosé Queizán. Galaxia. TEATRO

[Novas do exterior](#). Xosé Luis Santos Cabanas. Editorial Axóuxere. CRÓNICA

[O crepúsculo e as formigas](#). Méndez Ferrín. Editorial Xerais. RELATOS

[O gardián invisible](#). Dolores Redondo. Editorial Xerais. NOVELA

[O incerto don Hamlet](#). Álvaro Cunqueiro. Editorial Galaxia. TEATRO

[O rastro que deixamos](#). Agustín Fernández Paz. Editorial Xerais. MEMORIAS

[Si o vello Simbad volvese ás illas](#). Álvaro Cunqueiro. Galaxia. NOVELA

[Sempre en Galiza](#). Alfonso Daniel R. Castelao. Galaxia. ENSAIO

Terra Cha. Manuel María. Editorial Galaxia. Poesía (descatalogado)

[Xente ao lonxe](#). Eduardo Blanco Amor. Editorial Galaxia. NOVELA

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para obter unha avaliación final positiva, o alumnado deberá obter un mínimo de 5 puntos (a cualificación será numérica, de 0 a 10 puntos). A cualificación final de cada avaliación responderá á seguinte ponderación:

1. Para todos os cursos da ESO

1. PROBAS ESCRITAS

Realizaranse un ou dous exames por trimestre.

En todos os exames, o/a profesor/a indicará a puntuación de cada pregunta.

2. PROBA ORAL

O uso oral da lingua é un dos apartados fundamentais, tanto na realización efectiva na aula, coma no uso vehicular desta. Por tanto a avaliación de estándares do bloque 1 serán avaliados en cada trimestre mediante, como mínimo, unha proba oral.

A suma da nota media dos exames e da nota media das probas orais chegará ata o 80% da nota da avaliación. A suma poderá ser a nota media ou a nota ponderada. No caso de ser ponderada baixo ningunha circunstancia se valorarán as probas orais ou escritas por debaixo do 30%. Cada profesor deberá comunicar expresamente ao alumnado a ponderación de ambas modalidades de probas.

3. LIBROS DE LECTURA

Considerando que tanto a comprensión coma a capacitación para unha boa redacción pasa pola lectura, teremos en conta os libros de lectura van ser instrumentos complementarios para avaliar os estándares de aprendizaxe do Bloque 1 e do Bloque 2. Por isto o Departamento establecerá unhas lecturas adecuadas á cada nivel.

- Realizarase como mínimo unha lectura en cada trimestre. Valoraranse cun 10% no total da avaliación.
- O alumnado poderá facer lecturas adicionais que se valorarán no 10% asignado.
- A avaliación da lectura realizarase mediante probas orais, escritas ou fichas de lectura.

4. TRABALLO DE AULA

O traballo individual ou en grupo realizado na aula será valorado cun 10% no total da avaliación.

O alumnado traballará nun caderno onde realizará as actividades diarias e deberá presentalo corrixido e completado.

5. MES DE XUÑO

A media das tres avaliacións será a cualificación final do/a alumno/a.

O profesorado en cada avaliación deseñará actividades de reforzo ou recuperación para aquel alumnado que non acade a nota mínima de 5.

6. MES DE SETEMBRO

Realizarase un exame atendendo ao grao de consecución mínima de cada curso.

2. Criterios de cualificación en 1º e 2º de bacharelato.

A produción de textos orais planificados e espontáneos así como a interacción solicitada na aula de xeito oral, nun rexistro adecuado e con adecuación ao contexto e á situación comunicativa, será cualificada **ata cun 25 % da nota final**.

A competencia escrita será cualificada cun mínimo do 50% da nota final. Para cualificar a competencia escrita teremos en conta especialmente as probas escritas de avaliación que versarán sobre os estándares desta programación.

Teremos, asemade, en conta ata un 25% da nota:

- A realización dos traballos orais e escritos solicitados.
- Atención, interese, participación e traballo diario.
- Se mostra un sentido crítico e revela creatividade
- As lecturas obrigatorias

Avaliación do uso e destreza da linguaxe oral.

Esta é a clave coa que se demostra o dominio da lingua. O uso oral é un dos apartados fundamentais, tanto o uso efectivo na aula, coma o uso vehicular durante as probas que o profesor estableza.

A competencia comunicativa oral :

. Pola súa participación en diálogos breves utilizando as estratexias comunicativas máis adecuadas para comprender e facerse comprender. Valoraremos, sobre todo, a mellora do alumno no galego oral.

. Pola súa produción de enunciados orais adecuados ao contexto comunicativo.

. Ao mesmo tempo valoraremos se domina aspectos dados na aula sobre gramática e vocabulario.

. Teremos sempre moi en conta a capacidade do alumnado para participar de forma activa, autónoma e con eficacia comunicativa en interaccións orais.

. A competencia comunicativa escrita cualificaranse os seguintes aspectos:

. A redacción de textos utilizando a gramática e o léxico aprendidos na aula (descricións, narracións, postais, avisos, ...).

. Ditados e outros materiais para completar aspectos relacionados coa ortografía.

. A corrección ortográfica. A corrección caligráfica: se é lexible ou non.

. O uso multifuncional da escrita: se revela grandes fallos na exposición de ideas e na construción de frases; se formula enunciados con coherencia na exposición das ideas e na construción de frases.

. **Da competencia lectora** valoraremos:

. A lectura de textos propostos na aula. Cada texto lido voluntariamente acrecenta un positivo que se engadirá á nota final da avaliación.

. A lectura de varias obras

- . A lectura autónoma e a capacidade de valoración dos textos como fonte de información, coñecemento e lecer.
- . A comprensión de enunciados escritos e a fluencia na lectura.
- . A capacidade de reflexión sobre a lingua e o compoñente sociocultural (complementará positiva ou negativamente a nota anterior):
 - . pola súas actitudes favorables cara ao coñecemento e uso do galego

Ademais de xa sinalado, o alumnado será cualificado positiva ou negativamente nos seguintes ítems:

- Material (caderno, libro, ...)
- Asistencia
- Actitude cara á lingua
- Participación nas actividades propostas

O profesor ou profesora valorará a posibilidade de realizar unha avaliación inicial ao principio de curso, que será imprescindible no primeiro curso da etapa e tamén no segundo se non se impartiu a materia ao mesmo alumnado no curso anterior.

Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte as probas de cada período avaliatorio. Poderá haber unhas probas de recuperación para os alumnos que non superen no seu tempo as probas dos períodos avaliatorios trimestrais; será o/a profesor/a quen decida no seu momento o sistema que empregará para recuperar os alumnos.

Completarase cunha avaliación sumativa, que valorará ao final do curso o grao de consecución obtido polo alumno respecto aos obxectivos previstos. En caso de non alcanzar estes obxectivos, existirá un exame de setembro onde obrigatoriamente se acudirá para examinarse de toda a materia.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a, o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, as lecturas e traballos realizados.

A realización das lecturas obrigatorias marcadas para cada curso e nivel será condición sine qua non para a obtención do Aprobado. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación.

O alumnado que, eventualmente, poida perder o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar, terá dereito a asistir a clase e a unha proba final que se realizará antes da avaliación ordinaria de Xuño.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

Considerando que tanto a comprensión coma a capacitación para unha boa redacción pasa pola lectura, decidimos que **debe ser condición para poder aprobar demostrar que se leu comprensivamente ata dúas obras literarias en galego en cada avaliación**. Estas lecturas serán valoradas mediante exames orais, escritos, fichas ou cadernos de lectura. Por isto o Departamento establecerá unhas lecturas adecuadas á cada nivel.

8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Aspectos a avaliar

- **Actividades e exercicios** (de enfoque, de ampliación e de síntese) que se realicen ao longo de cada trimestre. Estas actividades realizadas no caderno de clase e/ou en fichas de traballo serán do mesmo tipo que as que se pedirán nas probas e controis escritos.
- **Caderno de clase:** Terá especial relevancia no primeiro ciclo da ESO e recollerá todas as actividades de grupo ou individuais. Pediráselle ao alumnado cando o profesorado o considere oportuno. O alumnado deberá levar o caderno ao día, e corrixir ou completar as actividades, se procede, despois das postas en común.
- **Traballos escritos** a man ou en soporte multimedia que poderán ser dos seguintes tipos:
 - .-Redacción de textos.
 - .-Traballos monográficos, individuais ou en grupo.
 - .-Traballos de investigación.
 - .-Informes sobre actividades ou saídas.
 - .-Comentarios de texto.
- **Comentarios sobre lecturas voluntarias.**
- **Probas escritas e orais:**
 - .-Realizaranse por avaliación, en principio, dúas probas escritas (a criterio do profesorado e segundo a marcha do grupo correspondente) dos contidos relativos aos bloques II (Comunicación escrita), III (Funcionamento da lingua), IV (Literatura) e V (Lingua e sociedade), que atenderán principalmente a conceptos e procedementos relacionados coas competencias en comunicación lingüística, social e cívica e a conciencia e expresións culturais (CCL, CSC e CCEC). Sempre que sexa posible, estas probas corrixiranse en clase para que o alumnado participe da súa propia avaliación. Para os contidos do bloque II, tamén se encomendarán determinados tipos de actividades de expresión. Así mesmo, para os contidos dos bloques IV e V, o alumnado deberá realizar actividades ou traballos que farán media coa puntuación obtida para eses bloques na correspondente proba escrita.

As probas poderán constar de:

- .-Preguntas de resposta curta e/ou verdadeiro-falso.
- .-Comprensión e análise de textos (contido, forma, morfoloxía, sintaxe, léxico...).

- .-Comentarios de textos, libres ou guiados.
- .-Realización de esquemas ou resumos.
- .-Exposición de temas.
- .-Ejercicios de ortografía, morfoloxía, sintaxe ou léxico.
- .-Redacción de textos.
- .-Preguntas onde o alumnado deberá expoñer con lóxica e coherencia a súa valoración ou opinión persoal e /ou propoñerá solucións a un problema presentado.
- .-Os contidos do bloque I (Comunicación oral) avaliaranse mediante unha ou dúas probas orais (a criterio do profesorado) en cada avaliación e tamén a través da observación directa na aula. As probas serán de expresión e de comprensión orais. Pódense incluír audicións, lecturas en voz alta, exposicións, debates, dramatizacións... E valoraranse tanto as intervencións espontáneas coma as planificadas.
- .-Probas escritas e/ou orais de comprensión lectora de fragmentos de obras, textos breves, etc.
- .-Unha proba (escrita ou oral) ou unha ficha de lectura por avaliación sobre os diferentes libros de lectura obrigatoria (un como mínimo por avaliación) que serán fixados ao inicio de cada trimestre.
- .-Controis orais sobre os libros de lectura voluntaria. Avaliarase ata dúas lecturas por trimestre en secundaria e en 1º de bacharelato.
- **Exposicións orais:** poderán ser propostas polo profesorado coa finalidade de avaliar a capacidade oratoria e o uso e corrección oral da lingua.
- **Actitude e traballo persoal:** valorarase a asistencia, interese, atención, participación, o traballo individual e en equipo, a actitude positiva cara á aprendizaxe da lingua, cara aos/compañeiros/as, cara ao profesorado ... durante as actividades na aula ou fóra dela, así como a puntualidade na entrega dos traballos e o coidado e respecto do material de clase ou do de aulas específicas. Serán avaliábles pola observación directa e diaria da profesora, ou por rexistros de observación, que se terán en conta nos bloques I e II.
- **Corrección escrita:** En toda produción escrita (exames e traballos) teranse en conta as normas de presentación dos textos escritos, así como a adecuación, coherencia e cohesión.

2. Instrumentos de avaliación

- Observación e valoración do grao de participación de cada alumno/a e a calidade das súas exposicións e intervencións na clase.
- Caderno do alumno.
- Probas Oraís.
- Probas Escritas.
- Postas en común.
- Exposición de temas.
- Coavaliación das faltas de ortografía.
- Escala de observación das intervencións na clase.
- Rúbrica para avaliar os comentarios das lecturas.
- Escala de observación do caderno de clase.
- Escala para avaliar a actitude na aula.

- Rúbrica de avaliación de textos escritos.
- Rúbrica de avaliación da expresión oral.
- Rúbrica de comentario de textos.
- Escala de avaliación da participación en proxectos.
- Autoavaliación do uso do dicionario.
- Coavaliación de obradoiros de escritura.
- Autoavaliación das normas ortográficas.
- Rúbrica para avaliar os contidos gramaticais .

Cómpre engadir tamén, dada a actual situación sanitaria, a valoración do grao da participación do alumnado e da calidade das súas actividades ou probas dixitais realizadas nun hipotético confinamento.

Outros aspectos a ter en conta no proceso de avaliación:

Valorarase, por observación directa na aula ou por medio doutras probas orais complementarias, **o uso diario e a corrección oral da lingua.**

- Valorarase positivamente **a participación voluntaria nas distintas actividades de clase e extraescolares.**
- Valorarase positivamente **a participación voluntaria en actividades ou proxectos de dinamización da lingua galega.**
- Valorarase **a correcta presentación dos traballos e do caderno de clase.**
- Terán valoración negativa as ausencias a clase inxustificadas.

9. AVALIACIÓN INICIAL

Nas primeiras semanas do curso realizarase a avaliación inicial, que permitirá comprobar o nivel de cada grupo para organizar o currículo axeitándose ás súas características.

A avaliación inicial realizarana os profesores/as que impartan docencia en cada nivel. Nela deberán de constatarase as capacidades e coñecemento do alumnado nos seguintes aspectos:

- Capacidade e comprensión lectora.
- Expresión oral.
- Expresión escrita.
- Coñecemento da realidade socio-cultural galega.
- Coñecemento do uso das TIC.
- Coñecemento da realidade lingüística galega.

A avaliación realizarase con exercicios e actividades orais e escritas que cada profesor/a realice cos seus alumnos/as. Con estes procedementos de avaliación inicial, poderá comprobar o grao de coñecementos cos que o alumnado inicia o curso e o ciclo, así como decatarse das súas carencias e necesidades.

En función dos resultados obtidos, adoptaranse as seguintes medidas:

- Do punto de vista colectivo, reforzaranse os contidos e estándares cuxos resultados resulten insuficientes.

- Do punto de vista individual, reforzarase a cada alumno/a que non chegue ou que supere o nivel medio, de ser o caso, coas medidas de atención á diversidade contempladas na programación e con actividades especificamente elaboradas para eles.

Servirá esta avaliación para ao longo do ano adaptar os materiais e as técnicas de traballo á situación do grupo en xeral e de cada alumno/a en particular. Esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias e darlles prioridades no desenvolvemento do currículo.

Instrumentos para realizar a Avaliación Inicial:

- Observación na aula os primeiros días de clase
- Entrevistas
- Informes do equipo de orientación
- Análise de producións realizadas polo alumnado: resumos, traballos, cadernos de clase, resolución de exercicios...
- Exercicios de comprensión e expresión oral: pronuncia, articula correctamente todos os sons, amplitude e propiedade léxica: emprega un vocabulario variado, preciso e apropiado.
- Exercicios de comprensión e expresión escrita: adecuación, coherencia e cohesión.
- Atención e concentración: mantén a atención (nas explicacións de clase, na realización de traballos persoais, etc.).

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tanto polo seu nivel académico coma polos seus intereses e grao de motivación, polo seu ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe, polos coñecementos previos, experiencias, etc. os alumnos e alumnas son moi diversos. Por iso os docentes debemos educar en e para a diversidade en cada grupo-clase do centro educativo.

Por outra parte, cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas:

- con dificultades específicas de aprendizaxe.
- con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- con altas capacidades intelectuais.
- obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- con condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Nestes casos, como prevén a Lei, deben establecerse as medidas curriculares e organizativas para que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa. Preséntansenos dúas maneiras fundamentais de atender a diversidade: as regradas e as que se levan a cabo na aula, día a día, no propio grupo de clase.

Con respecto á primeira, a nosa materia está integrada nos agrupamentos de 1º e 2º da ESO organizados polo centro.

Con respecto á segunda as medidas que adoptamos desde este departamento son as seguintes:

- traballo en proxectos que faciliten a integración.
- tarefas en grupo (agrupamentos variados e flexibles).
- recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumno.
- utilización dos materiais de diversificación que inclúen os proxectos editoriais.
- medidas de intervención que traten de paliar as dificultades inherentes ao trastorno diagnosticado, tendo en conta o informe da avaliación psicopedagóxica; por exemplo explicar e marcar claramente as tarefas dunha proba, nos casos de TDAH.
- control de apuntamentos e axenda e asemade recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis, etc.)
- atención especial nos exames: marcar claramente –e mesmo destacar- as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións, tempo extra, etc.
- unificación das pautas metodolóxicas e formas posibles de avaliación con todo o profesorado do alumno ou alumna en cuestión.
- lecturas guiadas nos temas de contidos -na aula ou fóra dela- coas anotacións oportunas, esquemas, resumos, etc.
- tarefas de recuperación adaptadas.
- potenciación de actividades voluntarias para alumnos con intereses ou capacidades altas.
- outras que o profesorado e/ou equipo docente considere para cada caso concreto.

ORALIDADE				
RÚBRICA (sobre 100%)	EXCELENTE (100%)	SATISFACTORIO (75%)	BÁSICO (25-50%)	ESCASO (0-25%)
ESTRUTURA E CONTIDO (0.30%)	Traballo ben estruturado. O contido é pertinente. Axústase ao tempo	En xeral, pertinencia dos contidos. Axústase ao tempo	Contidos pobres Tempo escaso	Contidos moi escasos. Tempo escaso.
EMPREGO DA LINGUA EXPRESIÓN (0.30%)	Fala, en todo momento, unha lingua galega con corrección (especialmente colocación do pronome átono, sete vogais, n velar e fricativa palatal) Exprésase con fluidez e coherencia.	A lingua galega é falada con algúns erros. Fluidez explicativa, pero fáltalle vocabulario máis preciso, repetindo algunhas palabras	Construcións gramaticais pobres e con bastantes erros. De posuía, evita trazos da súa variante dialectal. Problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Construcións gramaticais erróneas. Non fala todo o tempo en galego. De posuía, esconde os trazos da súa variante dialectal Falta de coherencia na explicación. Vocabulario moi pobre. Excesivas repeticións. Rexistro lingüístico inadecuado.

	De posuíla, mantén trazos da súa variante dialectal.			
ASPECTOS PROSÓDICOS (ENTOACIÓN, PAUSAS, TON, TIMBRE E VOLUME) E LINGUAXE CORPORAL ADECUADA (MIRADA E POSICIÓN DO CORPO) (0.20%)	<p>Volume de voz adecuado, o que fai que se escoite en toda a aula.</p> <p>Dicción perfecta.</p> <p>Linguaxe corporal correcta, o que xera interese.</p>	<p>Non é escoitado por toda a aula, sendo necesario o lembrarlle que eleve o volume.</p> <p>Dicción mellorable. Non mantén en todo momento unha linguaxe corporal adecuada.</p>	<p>Volume de voz baixo. Dicción mellorable.</p> <p>Linguaxe corporal pasiva, facendo un uso escaso das normas da linguaxe non verbal, o que deriva nunha falta de interese polo que expón.</p>	<p>Volume de voz moi baixo.</p> <p>Dicción inintelixible.</p> <p>Uso nulo das normas da linguaxe non verbal</p>
RECURSOS DIDÁCTICOS (0.20%)	<p>Usa soportes audiovisuais en diversos formatos, atractivos e de calidade.</p> <p>Consulta información adicional sobre o traballo a realizar.</p>	<p>Usa soporte visual adecuado.</p> <p>Algunha vez, consulta información adicional sobre o traballo a realizar.</p>	<p>Emprega soporte visual non adecuado.</p> <p>Non consulta información adicional sobre o traballo a realizar.</p>	<p>Non utiliza soporte visual.</p> <p>Non consulta información adicional sobre o traballo a realizar.</p>

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

1. Aspectos a tratar

- **Educación para a igualdade de sexos.** Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- **Educación na saúde** para entender a saúde como benestar físico e psíquico
- **Educación multicultural** para Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa.
- **Educación e seguridade viaria.** No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- **Educación ambiental** para fomentar o amor á terra e o respecto polo medio ambiente.

- **Educación para a igualdade e a paz** para tomar conciencia de que as situacións de desigualdade económica,cultural, relixiosa, lingüística, provocan conflitos bélicos.
- **Educación do consumidor** para pór en práctica os dereitos e obrigas como consumidor responsable, valorando criticamente o impacto da sociedade de consumo sobre o medio.

2. Proposta de actividades:

Temas Transversais	Actividades	Obxectivos
Educación para o uso non sexista da lingua	Comentario de <i>Tecín soia a miña tea</i> de Rosalía de Castro. Lectura voluntaria de <i>O club da calceta</i> , de M. Reimóndez	Detectar trazos sexistas na lingua e corrixilos.
Educación para a igualdade e a paz	1. Lectura de <i>Lúa de Senegal</i> , de A. Fdez Paz 2. Lecturas como “A ración de Amadou” 3. Proxección e debate en torno a filmes que aborden esta temática: Por exemplo: <i>“Binta e a gran idea”</i>	Tomar conciencia de que as situacións de desigualdade económica,cultural, relixiosa, lingüística, provocan conflitos bélicos. Para evitar o absurdo e o horror das guerras é preciso aprender a resolver as discrepancias a través do diálogo, de forma pacífica.
Educación na sexualidade e na saúde	1. Lectura de <i>Sobrevives?</i> de Fina Casalderrei. 2. Lectura de <i>Mamá, quero ser Ziggy Stardust</i> de Iria Misa 2. Proxección e debate en torno ao filme <i>Pradolongo</i> ou calquera outro axeitado.	Entender a saúde como benestar físico e psíquico. Aprender a vivir a propia sexualidade respectando a dos demais.
Educación ambiental	1. Lectura de <i>Exogamia 0.3</i> de Ramón Caride. <i>O ceo dos afogados</i> de F. Castro. 3. Proxección do filme <i>O bosque animado</i> ou <i>Pradolongo</i> .	Fomentar o amor á terra e o respecto polo medio ambiente.
Educación vial	Comentario crítico de calquera texto xornalístico en torno ás mortes nas estradas.	Tomar conciencia de que o tránsito constitúe unha situación de relación de convivencia regulada por unhas normas a través duns sinais.

Educación multicultural	Proxeccións e debates en torno a documentais sobre distintos lugares e pobos do mundo. Lectura de Ás de bolboreta de Rosa Aneiros (3º), Palabras de caramelo de G. Moure	Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas para poder pedir respecto.
--------------------------------	--	--

12. CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO CON LINGUA E LITERATURA PENDENTES. PLANS DE TRABALLO.

Dentro da programación xeral para este curso, cómpre facermos un apartado especial para o alumnado que no curso anterior non superou os obxectivos didácticos fixados para cada nivel.

1. Obxectivos

Sen entrarmos a valorar as motivacións que poderían xustificar a incapacidade do alumnado para acadar os contidos mínimos acordados polo Departamento, manifestamos que é o noso principal obxectivo a adquisición dunha competencia lingüística consciente, de maneira que os/as alumnos/as cheguen a empregar a lingua galega de xeito natural e espontáneo. E, segundo os obxectivos concretos fixados para cada nivel, os/as alumnos/as deberán coñecer e reflexionar sobre diferentes mecanismos da lingua nos seus planos fónico, morfosintáctico e léxico, coa finalidade de desenvolver as capacidades para regular as propias producións lingüísticas.

2. Orientación didáctica

Para acadarmos dito obxectivo, pretendemos un achegamento real á problemática deste alumnado que, nalgúns casos, vén arrastrando a materia de lingua durante dous cursos consecutivos. Xa que logo, tentaremos un contacto regular nas clases habituais de todos os cursos con alumnos coa materia pendente.

3. Criterios de avaliación

Teranse en conta as probas escritas ou traballos realizados segundo pautas fixadas previamente, procurando motivar o alumnado con contidos concretos, que lle permitan expresarse oralmente e por escrito con corrección, en diferentes niveis de lingua, de acordo

coas diferentes situacións e contextos, pero a avaliación realizarase a partir das probas oficiais de pendentes.

A proba escrita extraordinaria, celebrarase nos meses de febreiro e maio segundo o calendario establecido pola Consellería de Educación. Mais, o Departamento decidiu que se o/a alumno/a teñen aprobadas a 1ª e 2ª avaliación do curso da ESO en que estean matriculados, non terán que facer o exame final. E respecto do alumnado de bacharelato valorarase positivamente no caso de non acadar unha nota de 5.

Lembraremos, agora, que as esixencias en canto aos procedementos estarán en relación directa co grao mínimo de consecución de estándares recollidos na Programación do Departamento do presente curso académico.

13. PLAN LECTOR

1. O Plan lector do Centro

O Departamento de Lingua galega asume as actuacións á promoción da lectura a través do Plan lector do centro, integrándose nas actuacións de fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Ao mesmo tempo, procuraremos unha adecuada coordinación co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

Desta forma o Departamento de Lingua galega e Literatura levará a cabo o seguinte:

- Incorporará os obxectivos do Plan lector na programación anual e avaliará a súa incidencia na práctica docente.
- Diseñará actividades apropiadas aos obxectivos e contidos do Plan lector.
- Dentro das actividades que promove o Plan lector de centro, este Departamento participará nas seguintes:
 - ✓ Hora de ler
 - ✓ Convocatoria de concursos para promover o emprego da lingua escrita.
 - ✓ Colaboración coa celebración do Día das Letras galegas ou o Día do libro etc.
 - ✓ Cando for preciso, participará en actividades multidisciplinares, ben a proposta deste departamento ou doutros.

2. A biblioteca escolar

O Departamento colaborará directamente coa biblioteca, a fin de apoiar o labor desta para que teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do Plan lector de centro.

14. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

En relación co Plan de Integración das IC, co que conta este IES desde hai anos, durante o presente curso académico, o profesorado do Departamento de Lingua Galega e Literatura integrara nos materiais didácticos e curriculares -así como na metodoloxía- distintas propostas de uso, busca e elaboración de información coas novas tecnoloxías pois, no mundo actual, a información atópase, en gran parte, en soporte informático.

Algunhas das actividades que na nosa area realizara o alumnado serán:

- .-Busca de información en internet para tratar de desenvolver no alumnado a capacidade de poder realizar investigacións bibliográficas e de busca de información que estea en soporte informático e sensibilizalo no uso de internet como unha poderosa ferramenta de busca de información.
- .-Realización de traballos temáticos co obxectivo de dotar aos alumnos dos coñecementos necesarios para que utilicen as TIC na realización de traballos ou presentacións sobre un tema concreto, podendo incorporar imaxes, gráficos, etc.
- .- Emprego da web como instrumento para solucionar cuestións relacionadas coa lingua.
- .-Emprego de correctores ortográficos e tradutores.
- .-Emprego de xornais dixitais.
- .-Actividades con páxinas de poemas musicados e outros contidos literarios.
- .-Realización de actividades de comprensión e ampliación mediante o uso das TIC, como por exemplo exercicios como os que habitualmente se realizan na aula, pero neste caso co ordenador.
- .-Uso das TIC para intercambiar información valorando desta forma a importancia do traballo en grupo a través de internet.
- .-Para participar en foros ou blogs de lecturas
- .-Para realizar intercambios con alumnado doutros centros.
- .-En 1º e 2º da ESO contase co programa EDIXGAL.
- .-Iniciar o alumnado no manexo das presentacións con recursos audiovisuais.
- .-Acceso as paxinas web apuntadas na epígrafe de **Materiais e recursos didácticos** desta programación.
- .-Análise de correos electrónicos.
- .-Actividades da paxina web *Ogalegoeu* para reforzar o léxico, a expresión escrita, a ortografía e mais a morfosintaxe.
- .-Visionado e audición de entrevistas, conferencias, coloquios, etc. ofrecidas en diferentes programas de radio, podcast, de televisión, youtube e análise crítica das características propias.
- .-Creación dun blog.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA

Poderanse propoñer coma todos os anos actividades como conferencias, exposicións, teatro, etc. segundo a disponibilidad do Centro así como outras que teñan relación con aqueles acontecementos importantes que surxan no Concello ou na comarca. Aínda que neste curso coa situación actual da pandemia, do COVID-19, igual non se poderán realizar. Se a situación actual o permite poderíanse organizar saídas co alumnado do instituto, por exemplo, paseos por Tui cos alumnos de 1º de ESO para traballar léxico, roteiros doutra índole, a saída cos alumnos do 2º ciclo da ESO para participar nos actos de homenaxe aos

Mártires de Sobredo, con outros departamentos do centro e tamén con centros da comarca, tamén está aberta a posibilidade de participar en actividades acuáticas polo río Miño.

Con respecto a outras saídas e actividades a idea do Departamento é que, polo menos, en cada trimestre os alumnos dos diferentes cursos poidan asistir a algunha conferencia relacionada coas lecturas escollidas ao longo do curso, ou a algunha de temática sociolingüística.

O Departamento sumarase ás actividades propostas e organizadas polas consellerías de Cultura, Educación, etc.

O noso Departamento segue a apoiar a candidatura para a declaración do patrimonio inmaterial galego e portugués como patrimonio da humanidade e, xa que logo, potenciar actividades que mostren esa riqueza, como as regueifas, ou participar nas actividades de “Ponte nas ondas”. O noso centro hai anos que participa no Proxecto Cultural Interfronteirizo. Neste curso continuará a haber actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega colaborará nas actividades propostas desde o Equipo de Normalización Lingüística, por exemplo no “Correlingua”, e participará no proxecto elaborado por este equipo de fomento da lingua galega no centro. Tamén colaboraremos co Departamento de portugués naquelas actividades que se programen e precisen da nosa colaboración.

O Departamento desexa concluír que moitas das actividades irán nacendo ao longo do curso e que as actividades enumeradas arriba poden sufrir alteracións, dependendo do tempo e da marcha do curso.

16. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación da nosa programación avaliarase mediante indicadores de logro. Podemos utilizar diferentes instrumentos de recollida de datos, como: follas de rexistro, diario de aula, cuestionarios ou enquisas, rúbricas de autoavaliación,...

	PROGRAMACIÓN	1	2	3	4
	A programación está creada e repartida coherentemente entre os distintos niveis e etapas educativas				
	Consulta ao longo do curso a programación e realizo e anoto as modificacións				
	Recóllense na programación aquelas competencias que son básicas e fundamentais				
	Tense en conta na programación as oportunidades que ofrece o contexto				
	Para cada traballo se informa ao alumnado sobre obxectivos, competencias, actividades,...				

	ACTIVIDADES NA AULA	1	2	3	4
1	Os alumnos e alumnas traballan da seguinte maneira en clase				
	De xeito individual				
	Por parellas				
	En grupos reducidos				
	En grupos grandes				
2	Os exercicios que propoño son do tipo:				
	Pechados, dirixidos, do libro,				
	Abertos, diversos, proxectos,...				
	Fan máis doado o traballo cooperativo				
3	Na metodoloxía que aplico:				
	Utilizo ferramentas TIC				
	Promovo a aprendizaxe autónoma				
	Baséome en explicacións teóricas e no libro				
4	Como é o desenvolvemento das horas lectivas:				
	Conseguindo o silencio				
	Impartindo teoría e explicacións				
	Respondendo as preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas,...				
	Observando				
	Corrixindo ao alumnado de xeito individual				
	Atendendo á diversidade				

	AVALIACIÓN	1	2	3	4
1	Antes de comezar una unidade, tema, proxecto,..explico aos alumnos e alumnas que, con que frecuencia e en base a que avaliarei				
2	Utilizo diferentes tipos de probas				
	Exame escrito				
	Exame oral				
	Traballo individual				
	Antes de comezar unha unidade, tema, proxecto,.. explico aos alumnado con que frecuencia e en base de que avaliarei				
	Traballo en grupo				
3	Unha vez rematada a unidade ou proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe				
	Non				
	De xeito individual				
	En grupo				
	Co alumnado				
4	Entre avaliacións programo plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos por alumnos e alumnas				
5	Na avaliación teño en conta as competencias				

	DIVERSIDADE	1	2	3	4
1	Que fago para coñecer a composición da clase?				
	Paso unha proba ao comezo do curso escolar				
	Ler os informes anteriores				
	Ver os resultados da avaliación				
	Solicito un informe ao Xefe de Estudos				
	Solicito información nas reunións de grupo				
2	Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc..				
3	A miña programación ten en conta a diversidade				
4	Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa				
	No grupo grande				
	No grupo pequeno				
	Individual				
5	Propoño exercicios de diferente nivel en cada unidade e en cada exame.				
	Teño en conta aos alumnos e alumnas que se saen da media dos resultados (por arriba e por debaixo)				
	Qué fago para coñecer a composición da clase?				

17. REPARTO DOS CURSOS

Luís Bugarín Pereira.

3º ESO x3 =9 horas.

2º Bach x2 = 6 horas

Portugués 1º ESO=2 horas

Total 17 horas (+ Dinamización Lingüística) = 19 horas

Isabel Castaño Vicente.

4º ESO x 4 = 12 horas

1º Bach x 2 = 6 horas

Total (+Xefatura Departamento) = 18 horas

Fernando Cid Deus.

1º ESO x 1= 4 horas

3º ESO x 2 = 6 horas.

1º Bach x 3 = 9 horas.

Total = 19 horas

Esther Álvarez Fernández

1ºESO x1=4 horas (Agrupamento)

2ºESO x 3 = 9 horas (Un é o Agrupamento)

2ºbach x 2 = 6 horas

Total = 19 horas

Elisabete Ares Licer

1º ESO x2 = 8 horas

2º ESO x2 = 6 horas

4º ESO x2 = 6 horas

Total = 20 horas

Completamos horario cun profesor do Departamento de Latín, Laureano Alonso, que imparte 4 horas en 1º da ESO.

En Tui, a 30 de setembro de 2020

OS COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA
CURSO 2020-2021.